

## Entre a tentación abolicionista e o conformismo:

# A cuestión foral durante a

# Segunda República

MIGUEL CABO VILLAVERDE\*

A cuestión foral, a reivindicación en torno á que se articulara historicamente o movemento agrarista, parecía definitivamente resolta co Decreto de Redención Forzosa de 25 de xuño de 1926, que culminaba o proceso de consolidación de dominios en mans do útil comezado na derradeira década do século XIX. En conxunto as condicións (obriga de satisfacer-las rendas atrasadas para acollerse ó decreto) e tipos de capitalización eran máis favorables ós rendistas das que predominaran nas redencións voluntarias efectuadas nos anos precedentes, de xeito que Risco poderá falar en 1930 de «Cuestión que podemos decir gañada recentemente polo señorío, despois de temeren seriamente a súa perda»<sup>1</sup>.

Non debemos esquecer os atrancos para a aplicación práctica do Decreto, como o retraso na constitución das Caixas Provinciais de Crédito Foral, que levantou as críticas (sempre respetuosas e compracentes coa obra da Dictadura) incluso da Federación Católica coruñesa pola falta de número dos labregos, ou os subterfuxios legais dos foristas, como os denunciados pola Federación Agraria de Betanzos nun escrito ó Ministro de Xusticia en febreiro de 1930 (EPG 19-II-1930), pero con todo semellaba que o problema foral quedara definitivamente encamiñado pola senda anodina dos xulgados.

E sen embargo a chegada do novo réxime fixo concebir esperanzas de replantexa-la cuestión en termos máis vantaxosos para os levadores de rendas, e de feito durante estes cinco anos vertixinosos o foro seguiu estando presente, con máis ou menos intensidade segundo os momentos, na vida política e agrarista galega, aínda que a historiografía sobre o tema non se ocupara deste «epílogo» da súa longa historia, como se o Decreto de 1926 supuxera un punto final inapelable. A primeira medida lexislativa do goberno republicano a este respecto foi prorrogar indefinidamente o prazo do que dispuñan os foreiros para iniciar os trámites de redención (prazo que segundo o Decreto da Dictadura expiraba xustamente en xuño de 1931).

O influente xornal vigués *El Pueblo Gallego* entrou axiña no debate (durante varios días de maio luciu na súa portada a consigna «El foro, marca infamante del feudalismo, debe desaparecer»), pero o diario de Portela Valladares non tardaría en amosar que había certos límites que non aceptaba sobrepasar, en concreto cando comezaron a erguerse voces que reclamaban a abolición sen máis (sen indemnización por tanto para o directo). Os primeiros en pronunciarse por tan drástica solución foron os anarquistas no seu pleno en Vilagarcía en agosto (PEREIRA, 1994: 143), postura que a CNT galega mantería durante todo o quinquenio republicano<sup>2</sup>. En canto ós socialistas, unha Comisión formada por Ramón Beade, Alfonso Quintana, Alejandro Otero Fernández e o asturiano Vixil

---

\*Miguel Cabo Villaverde é Licenciado en Xeografía e Historia e borseiro predoutoral no Dpto. Historia II da Universidade de Santiago de Compostela.

<sup>1</sup>As rendas serían capitalizadas cuns tipos do 4'5% no caso de foros anteriores á Desamortización, 5'5% para os procedentes da Desamortización ou que careceran de títulos escritos e 6'5% para os subforos. A cita está tomada de RISCO (1976: 59).

<sup>2</sup>O PCE vai ser outra forza que defenda a tese abolicionista, á que tamén se adscribía a revista *Galicia Federal*, que aparece en Santiago en xullo de 1932 como órgano do Partido Republicano Federal de Izquierda Gallega e que contaba entre os seus redactores co líder da Federación Agrícola Comarcal, Ezequiel Rey.

foi encargada de defini-la postura do partido, que se inclinaria tamén do lado do abolicionismo. A mellor proba é a proposición de lei presentada o 28 de xullo de 1931 por parte de varios deputados socialistas e da F.R.G., na que tras poñer de relevo a orixe feudal dos foros («resultado de la conquista guerrera») e que o valor das terras xa fora pagado dabondo coa renda satisfeita durante séculos, declarábanse abolidos sen excepción ningunha.

Esta iniciativa forzou a El Pueblo Gallego (4-VIII-1931) a declararse contrario a calquera medida que non recoñecese o dereito do directo a unha indemnización, pero a alarma foi loxicamente maior na prensa conservadora, na que se avogaba por se contentar co Decreto de 1926. Asimesmo a «Asociación de Propietarios de Fincas Rústicas de la Provincia de Lugo» presentou un informe en outubro ás Cortes Constituíntes no que tras combati-las tentacións abolicionistas («solución soviética») e louva-lo papel histórico desa «institución de carácter tan eminentemente liberal y democrática», propónse nada menos que a súa implantación no Sur como solución para o latifundismo<sup>3</sup>.

O proxecto devandito non chegou a ser sequer discutido en Cortes, pero en febreiro de 1932 un grupo de deputados socialistas e republicanos coruñeses e pontevedreses depositou na mesa do Congreso un novo proxecto de lei que propuña unha solución novedosa para o centenario pleito dos foros: a redención forzosa pero a cargo do Estado, que non do foreiro, dos foros anteriores á Desamortización (os posteriores serían simplemente abolidos)<sup>4</sup>. A pesar da boa acollida en medios agraristas (por exemplo no Congreso Agrario de Lavadores do 28 de febreiro de 1932 con representación de case 35.000 campesiños) e do apoio de *El Pueblo Gallego* (editorial 1-III-1932), o proxecto ficou empantanado no exame da Comisión e a cuestión foral quedou en suspenso en espera do que dictaminase ó respecto a Lei de Bases da Reforma Agraria que se debatiu entre marzo e setembro dese ano, retardado ata a exasperación o trámite parlamentario por mor das tácticas obstrucionistas dos deputados agrarios de Martínez de Velasco.

A Lei de Reforma Agraria finalmente limitouse a menciona-lo foro tanxencialmente na Base 22, remitíndose a unha lei posterior sobre a cuestión. Sen embargo, nesa mesma Base declarábanse «abolidas, sin derecho a indemnización, todas las prestaciones señoriales en metálico o en especie provenientes de derechos señoriales, aunque estén ratificadas por concordias, laudos o sentencias». Un Decreto publicado na *Gaceta* do 24 de novembro de 1933 fixou as normas para a extinción das prestacións desas características, en concreto especificando que se presumirían señoriais aquelas que non se impuxeran sobre fincas determinadas, cando os pagadores fosen pobos e o reparto se fixera logo entre os veciños, cando se constituísen en favor de persoas que daquela exercesen xurisdicción sobre os territorios ou pobos nos que se localizase o foro ou ben no caso de foros posteriores a agosto de 1811. Dúas circunstancias facían máis atractiva aínda para os foreiros esta vía legal para se desfacer das rendas: por unha banda que a xusticia ordinaria non interviña no proceso senón que era o Instituto de Reforma Agraria (I.R.A.) o que resolvía en cada caso e como última instancia, e por outra que era o rendista o que estaba obrigado a demostrar documentalmente que o foro non tiña orixe señorial.

Nos círculos conservadores reaccionouse con inquietude ante as perspectivas que abría esta disposición, e así a Asemblea Anual da Federación Católica Agraria da Coruña lamentou a porta que se abría á abolición para logo situarse nese xusto medio tan do seu gusto, axitando o espantallo da reversión («que aunque parezca extraño aun hay algunos que en estos tiempos tienen esa preten-

<sup>3</sup>*Informe que sobre cuestiones forales presenta a las Cortes Constituyentes la Asociación de Propietarios de la Provincia de Lugo*, Talleres Gráficos La Voz de la Verdad, Lugo, 1931. Durante o período republicano formáronse catro destas Asociacións de Propietarios en Galicia, como mellor testimonio das inquedanzas despertadas polos rumbos incertos que poidera toma-lo novo réxime. Son en concreto as de Betanzos, A Coruña, Santiago e esta de Lugo, e o seu principal obxectivo foi copar-las vocalías reservadas nos Xurados Mixtos rurais ós propietarios de terras; vid. CABO VILLAVERDE (1995: 140-154). Aproveito para agradecer a Moncho Veiga o terme posto sobre a pista do mencionado informe.

<sup>4</sup>Por unha solución nesta liña pronunciaríase nalgunha ocasión o director da Misión Biolóxica de Galicia Cruz Gallástegui Unamuno, aínda que sen a precisión e o detalle que reservaba para os aspectos propiamente técnicos e productivistas dos seus proxectos para a reforma do agro galego. Previa creación dunha Caixa de Crédito Foral, o Estado adiantaría a suma requerida para a redención en forma de préstamos a moi longo prazo (15-20 anos) sen interese (EPG 25-VII-1931 e 24-V-1935).

sión») para finalmente decantarse pola opción equidistante da redención forzosa (GSA no 34, IV-1933). No xornal católico *El Compostelano* (EC 3-II-1934) definiase a disposición, nun editorial de título dabondo expresivo («Ataque al derecho de propiedad»), como «una de tantas medidas que atacan al derecho de propiedad yendo, a la vez, en contra del precepto constitucional que prohíbe la confiscación».

Entre 1933 e 1936 o I.R.A., en aplicación da Base 22, declarou abolidos unha serie de prestacións señoriais en todo o tercio Norte do Estado, producíndose a primeira resolución contra un foro galego (sobre terras situadas no Concello de Póboa do Caramiñal) en xullo de 1934. Sen embargo ata xullo de 1936 non se produciron máis que oito sentencias (algunhas delas afectando eso si a varios foros) referidas a Galicia<sup>5</sup>. A evidente desproporción entre as posibilidades abertas por esta vía legal e o parco uso que se fixo dela plantexa a cuestión de por qué ningunha forza política animou ás sociedades agrarias a presentar demandas masivas prestándolles o debido asesoramento. As excepcións son poucas, destacando a do deputado nas Constituíntes por Pontevedra nas listas da Federación Republicana Gallega Joaquín Poza Juncal<sup>6</sup>.

Varios partidos manifestáranse decepcionados pola postergación da problemática foral na Lei de Bases da Reforma Agraria, pero ningún deles apostou pola vía aberta á abolición pola Base 22. O Partido Galeguista mantívose ó longo da súa existencia nunha ambigüidade calculada en todo o que tivera que ver co foro, e así na reunión extraordinaria do pleno do Consello Executivo esixiu do goberno a «desgravación foral da pequena propiedade», fórmula coa que elude decantarse por unha solución concreta (EPG 16-III-1933)<sup>7</sup>.

En canto ó PSOE, na súa prensa esixiuse que mentras non se lexislase sobre a cuestión quedaran en suspenso os procedementos xudiciais relacionados cos foros, reclamación que tamén formularon os deputados galeguistas nas Cortes Constituíntes. No Congreso Rexional celebrado en Betanzos en febreiro de 1933 foi aprobada unha ponencia que se pronunciaba pola abolición e urxía ás Cortes a dar forma legal nun prazo breve a esta aspiración. Con todo, na Federación Comarcal de Betanzos alzáronse voces pedindo unha postura menos intransixente e foi a presión de Ramón Beade e máis a de Lucio Martínez -Secretario da FNNT- a que impuxo a liña oficial (a expresada no II Congreso Nacional da FNNT)<sup>8</sup>.

Un terceiro partido, aínda que de escasa implantación en Galicia, que se mostrou insatisfeito pola marxinación da problemática foral na Reforma Agraria foi paradoxicamente o Radical Socialista, ó



Ramón Beade Méndez.

<sup>5</sup>Tres referidas á provincia de Pontevedra (todas elas a foros situados no concello de Salvaterra de Miño), tres á da Coruña e dúas á de Lugo. No caso do concello de Salvaterra, Hervés (1991: 173) aclara que a sociedade uxetista da parroquia de Corzáns estaba detrás dos pleitos contra os foros cobrados polo Marqués de Camarasa.

<sup>6</sup>Tratou o tema en artigos en *El Pueblo Gallego* (3-II e 22-VI-1934) cando xa non era deputado, sendo da opinión de que as maiores posibilidades ofrecíanas os foros que non recaísen sobre unha finca sinalada explicitamente e recomendando esta vía como forma de resistencia en vez da máis incerta do impago.

<sup>7</sup>Esa mesma imprecisión caracteriza a mención no Programa aprobado na Asemblea Constitutiva do PG: «Liquidación do problema foral mediante a extinción forzosa das rendas sin que se faga a costa do pequeno foratario rural». Nesa Asemblea Antón Alonso Ríos defendeu sen éxito a abolición (ALONSO FERNANDEZ, 1994: 58). Como di CASTRO (1985, vol.I: 123), «O P.G. en constitución tiña que resolve-la contradicción que supuña erixirse en valedor dos intereses do campesinado e salvagardar, ó mesmo tempo, os «dereitos» dun considerable número de afiliados. Por elo a perspectiva abolicionista quedaba moi lonxe del».

<sup>8</sup>Sobre este punto EO 22-I e 18-II-1933 e LL no 34 (26-II-1933). A Federación Agraria Provincial de Pontevedra sinalou en varias ocasións a contradicción que supuña esa actitude dos socialistas co feito de que un deles, Largo Caballero, ocupase a carteira de Traballo no goberno Azaña.

que pertencía o ministro de Agricultura Marcelino Domingo<sup>9</sup>. Habería que incluír nesta lista a Basilio Alvarez, que en mitins e no Parlamento defendeu vehementemente a abolición ou polo menos a redención a conta do Estado, pero a súa postura non pode tomarse sen máis como xeralizable ó oportunista e dividido Partido Radical no seu conxunto.

O certo é que Marcelino Domingo prometeu en varias ocasións ó longo de 1933 a inminencia da lei sobre os foros en canto saíse das Cortes a de Arrendamentos, pero a caída do gabinete Azaña non permite xulgar a sinceridade das súas intencións<sup>10</sup>. O efémero goberno Lerroux despertou algunhas esperanzas pola presenza nel de Gómez Paratcha (un dos firmantes do proxecto presentado en febreiro de 1932), pero finalmente chegouse á disolución das Cortes e ninguén podería rebatelo aserto da vella de Maside: «fDous anos de revolución...e seguimos pagando os foros!»

Coa vitoria electoral das dereitas os propietarios aproveitaron un clima político que xulgaban máis receptivo ós seus intereses para iniciar unha ofensiva nos xulgados contra os foreiros que non pagaran as rendas nos anos anteriores. Salvando as distancias, foi un reflexo que recorda ó dos latifundistas do Sur do Estado despoxando ós traballadores agrícolas das melloras obtidas durante o bienio anterior.

Na mesma liña, rexistrouse un intento de completa-la lexislación sobre o foro, pero esta vez en clave conservadora. Trátase en concreto do proxecto de redención elaborado polo deputado cedista pola Coruña e presidente da Federación Católica Provincial Eugenio Vázquez Gundín, e en realidade non era máis que un complemento do Decreto de 1926, ó que non pretendía reemprazar senón correxir nalgúns aspectos parciais. De inmediato, Vázquez Gundín, o único persoeiro das dereitas que merecía unha consideración benevolente en *A Nosa Terra*, foi obxecto de duras críticas no órgano do P.G. polo seu proxecto «absurdo», «anticuado» e «reaccionario» (ANT 3-III-1934) que nin sequera contemplaba o caso dos foros de orixe señorial (en contradición coa Lei de Reforma Agraria aínda en vigor) e se aferraba á redención por parte do levador da renda e non a solucións consideradas máis avanzadas como a redención a conta do Estado. Poza Juncal descalifica o proxecto por non pasar de ser un lavado de cara do Decreto da Dictadura e como mostra fidedigna de que as dereitas seguían ancoradas nun concepto absoluto da propiedade no que non tiña cabida a idea de xusticia social (EPG 17-II-1934).

Como vaticinara *A Nosa Terra*, o proxecto non prosperou e durante o resto do bienio só se falou dos foros para denuncia-las presións sobre os foreiros para que pagasen as rendas atrasadas (destacando neste labor Antón Alonso Ríos) ou a inclusión cada vez con máis apariencia de ritual nos actos reivindicativos da abolición foral (por exemplo nos protagonizados pola Federación Agraria Provincial de Pontevedra ou no Congreso Agrario Comarcal de Santiago de marzo de 1934). Alén disto, a cuestión foral aparece esporadicamente no discurso das esquerdas como argumento contra os gobernos conservadores e no dos partidarios da autonomía como exemplo da súa necesidade, pero xa desprovista a demanda da virulencia de tempos pasados.

Tanto é así que nin sequera o triunfo do Frente Popular serviu para resucita-la reivindicación abolicionista, e nos meses que faltaban ata o comezo da guerra a atención concentrouse na consecución da autonomía e en problemas máis acuciantes do agro galego como o gandeiro, o do millo ou o da madeira<sup>11</sup>.

En resume, na época republicana, e a pesar dos intentos reseñados por substituí-la opción redencionista consagrada en 1926 en beneficio da redención a cargo do Estado ou mesmo da abolición, o foro foi perdendo a súa virtualidade como instrumento de mobilización de masas, substituído por outras reivindicacións como a do ferrocarril Zamora-Ourense-A Coruña ou a protesta contra o

<sup>9</sup>No seu Congreso Rexional, celebrado en Vigo en marzo de 1933, expresa nas Conclusións a necesidade da «solución definitiva do problema foral» (EPG 14-III-1933), o que non pasaría de ser unha declaración formal.

<sup>10</sup>Por exemplo afirmouno no Parlamento, dicindo que xa se estaba a redactar (MORI, 1933, vol.XII: 384) e na visita que realizou a Galicia en agosto ante representantes da Federación Agraria Provincial (EPG 23-VIII-1933).

<sup>11</sup>Suárez Picallo falou no Parlamento en xullo dos problemas de Galicia e non fixo sequera mención ós foros, algo impensable uns anos antes, e en *A Nosa Terra* só se fixo algunha alusión por parte de Lois Rivaya Riaño na dirección xa indicada dunha redención a cargo do Estado.

Tratado do Uruguai. Sen embargo convíña chama-la atención sobre as posibilidades que encerraba a Base 22, aínda que non foran aproveitadas máis que nunha ínfima parte.

Un remate adecuado para este artigo podería selo facer unhas breves consideracións sobre o concepto que se tiña do papel histórico do foro (e non me refiro ás disquisicións sobre a súa natureza xurídica) á altura dos anos 30.

Nas filas conservadoras como era de esperar o foro é eloxiado con argumentos que non distan moito dos empregados polos partidarios do *status quo* no Congreso Agrícola de 1864 (VILLARES PAZ, 1982: 273). A el deberíanse a liberación da servidume

*«El foro surge en nuestra Historia como instrumento de liberación personal. Merced a él, en efecto, el siervo de la gleba se transforma en forero, en enfiteuta: en una palabra, adquiere la libertad»*<sup>12</sup>.

#### a prosperidade de Galicia

*«El foro, cuya historia ha sido falseada por gentes poco escrupulosas, ha mantenido muchos siglos alejada a Galicia del pauperismo crónico en otras regiones de España» (EC 21-II-1933)».*

e o acceso masivo á propiedade (aínda que fose unha propiedade parcial), que constituíra unha vacina contra os graves desequilibrios sociais da España latifundista

*«El foro realizó un milagro, o si queremos mejor, un prodigio, cual fué el de hacer propietaria a una masa de gentes que ni un céntimo tenían para adquirir tal propiedad [...] Ahuyentó la plaga del pauperismo y nos hizo desconocer la precaria situación de los jornaleros que en Andalucía y otras comarcas son materia siempre dispuesta a todas las concupiscencias, a todos los desórdenes y a todas las sublevaciones»*<sup>13</sup>.

No campo nacionalista as louvanzas que chegan de membros da corrente «neotradicionalista» (na clasificación de BERAMENDI, 1991: 150), como Otero Pedrayo, non resultan sorprendentes pola pervivencia da mentalidade fidalga, pero ese xuízo positivo predomina tamén entre os compoñentes da maioritaria corrente «democrática». Así, Castelao califica no Parlamento ós foros de institución «magnífica en su origen» (GARCIA, 1978: 44) e posteriormente de «avance social inconcebible cando se compara coas institucións pastorais de Castela e co sistema inhumán dos latifundios hespañoes» que «evitou o latifundismo i estableceu o cultivo intensivo» (SG, 271).

Deputados da F.R.G. como Osorio Tafall e Pita Romero eloxian nas Cortes Constituíntes o rol xogado historicamente polo foro, e como é habitual cargan as tintas sobre a contaminación que supuxo a plumaxe engadida co tempo de apeos, prorrates, laudemios, etc., «adherencias impuras» que desvirtuaron un contrato que en sí mesmo «tiene una substancia y una calidad jurídica excelente»<sup>14</sup>.

Como vemos a consideración positiva do papel do foro estaba moi extendida entre sectores políticos que non tiñan por qué coincidir en cambio na solución que convíña darlle á cuestión á altura



*-Dous anos de revolución... e seguimos pagando os foros.*

*Viñeta da Revolución Española, de Maside. (El Pueblo Gallego, 28-IX-1933).*

<sup>12</sup>Calvo Sotelo no prólogo de BUIDE LAVERDE (1924).

<sup>13</sup>Informe que sobre cuestiones forales presenta a las Cortes Constituyentes la Asociación de Propietarios de la Provincia de Lugo, Talleres La Voz de la Verdad, Lugo, 1931.

<sup>14</sup>A cita é de Pita Romero no debate da Reforma Agraria, no que afirmou tamén que «estamos de vuelta de ese asunto que vosotros vais a emprender en España, principalmente, en buena parte, por la existencia del foro» (MORI, 1933: vol. VIII: 463).

dos anos trinta. A postura contraria é a sostida, como é lóxico, polos partidarios do abolicionismo, que en xeral se limitan a condenar vagamente as orixes «feudais» do foro, e a eles hai que sumarlle o daquela deputado radical Basilio Alvarez e o comentarista de temas agrarios de *La Voz de Galicia* Valeriano Villanueva, que reserva sen embargo as súas máis afiadas críticas contra os arrendamentos e parcelas, que segundo el rexían sobre 3/4 da terra cultivable, o que por si só bastaría para rebati-la afirmación de que o foro facilitara o acceso á propiedade (VG 9-IX-1931).

O predominio dunha estimación maioritariamente positiva do papel do foro na historia de Galicia viuse reforzado por unha circunstancia conxuntural: a modalidade dos «asentamentos» introducida pola Lei de Reforma Agraria de setembro de 1932 para as terras expropiadas, e nos que o colono recibía só o dominio útil, xa que a propiedade última recaía no Estado. Sen moitas dificultades podía interpretarse isto como unha demostración de que Andalucía, Extremadura ou Castela a Nova marchaban cun retraso evidente en cuestións de organización agraria con respecto a Galicia, a proba de que «en esto y en otras muchas cosas nos hemos adelantado bastante a los proyectistas revolucionarios del Estado español, en algunas tanto que cuando ellos empiezan nosotros estamos de vuelta»<sup>15</sup>.

O certo é que, nostalxias máis ou menos sinceras aparte, nos anos da República se produciu a transición definitiva pola cal o foro, malia os intentos de replantexa-los termos do decreto de 1926, deixa de ser un problema candente e vector privilexiado de mobilización política para se converter progresivamente nunha cuestión máis, e non das máis acuciantes, dentro do problema agrario galego.

#### BIBLIOGRAFIA CITADA

- ALONSO FERNANDEZ, B. (1994). Antón Alonso Ríos. Crónica dunha fidelidade, *Edicións Laiovento, Santiago*.
- BERAMENDI, X.G. (1991). «El Partido Galleguista y poco más. Organización e ideologías del nacionalismo gallego en la II República», en BERAMENDI e MAÍZ (comps.): *Los nacionalismos en la España de la II República*, S. XXI, Madrid, pp.127-170.
- BUIDE LAVERDE, R. (1924). Ensayo bibliográfico acerca de la evolución jurídica del foro, 2ª ed. aumentada, *Tip. de El Eco Franciscano*.
- CABO VILLAVERDE, M. (1995). Alén do latifundio: Galicia e a Reforma Agraria da II República, *Dto. Historia II, USC*.
- CASTRO, X. (1985) O galeguismo na encrucillada republicana, *Dept. de Ourense*.
- GARCIA, X.L. (1978). *Castelao, Otero Pedrayo, Suárez Picallo, Villar Ponte: Discursos parlamentarios (1931-1933)*, Edicións do Castro, Sada.
- HERVÉS SAYAR, H. (1991). Agrarismo e societarismo campesiño no val do Tea, 1900-1936; *Memoria de Licenciatura (inédita)*, USC.
- MORI, A. (1933). Crónica de las Cortes Constituyentes de la Segunda República Española, 13 vols., M. Aguilar Editor, Madrid.
- PEREIRA, D. (1994). A CNT na Galicia, 1922-1936, *Edicións Laiovento, Santiago*.
- RISCO, V. (1976). O problema político de Galiza, *SEPT, Santiago*.
- VILLARES PAZ, R. (1982). La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936, *Siglo XXI, Madrid*.

#### ABREVIATURAS

BIRA: Boletín del Instituto de Reforma Agraria.

EC: El Compostelano.

EO: El Obrero.

EPG: El Pueblo Gallego.

FNTT: Federación Nacional de Trabajadores de la Tierra.

GSA: Galicia Social Agraria.

IRA: Instituto de Reforma Agraria.

LL: La Lucha.

SG: Sempre en Galiza.

VG: La Voz de Galicia.

<sup>15</sup>Xerardo Alvarez Gallego, «Ordenación jurídica de nuestro agro», EPG 20-V-1934. No fragor dun dos mitíns contra o Tratado Comercial co Uruguai Castelao chegou dicir da Reforma Agraria republicana «que es inútil en Galicia, porque nuestra tierra se adelantó en varios siglos a las regiones latifundistas y esteparias de España» (EPG 18-VII-1933).